

# A Garda Civil descúlpase por non atender denuncia dun veciño de Gondomar “por falar en galego”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 10 Setembro 2015 20:54



A Mesa pola Normalización Lingüística vén de facer pública a resposta da Garda Civil á denuncia dun caso de discriminación lingüística no cuartel de Gondomar denunciado este mes de agosto.

Segundo as queixas recibidas pola Mesa a través da Liña do Galego, un funcionario do cuartel da Garda Civil de Gondomar negouse a atender a chamada dun veciño de Gondomar porque este se expresaba en galego. **Xosé Luís Alborés, veciño de Gondomar, chamara ao cuartel para se interesar se era ou non conveniente cursar unha denuncia contra un veciño, "con antecedentes penais", que o ameazara con baterlle cunha pedra. "chamou por teléfono ao cuartel da Garda Civil de Gondomar para expor un problema. Ao comezar a relatar o seu caso, a persoa que atendía o teléfono pediulle que "non le hablase en gallego, que le hablase en español"**

## Acudir ao Posto da Policía Local de Gondomar para poder expresarse en galego

O cidadán negouse a mudar de lingua, e dado que o axente non lle permitiu resolver o seu caso por teléfono, o cidadán presentouse no cuartel da Garda Civil de Gondomar onde tanto o comandante como a persoa que o atendera por teléfono díxeronlle que tiña que falar en español, e pedíronlle que non lles falase en galego. **Ante as queixas do cidadán insistiron**

## **A Garda Civil descúlpase por non atender denuncia dun veciño de Gondomar “por falar en galego”.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 10 Setembro 2015 20:54

---

### **en que non teñen que saber galego e que non o atendían se non falaba español.**

Este insistiu en que quería pór unha denuncia ao que os axentes contestaron que se non falaba en español non o ían atender e indicáronlle que fose ao posto da Policía Local de Gondomar a ver se alí podía falar en galego.

Ao se ver discriminado polo simple feito de falar en galego, o cidadán presentou un escrito no cuartel da Garda Civil e púxose en contacto coa Mesa pola Normalización Lingüística, quen tramitou as pertinentes queixas perante a Valedora do Pobo e a Secretaría Xeral de Política Lingüística denunciando estes feitos.

### **A Garda Civil viuse obrigada a desculpase**

En resposta á queixa deste cidadán, desde a comandancia provincial xustificaron a incompetencia lingüística do axente na súa orixe foránea, porén desculpáronse polo sucedido recoñecendo os dereitos vulnerados do cidadán e a obriga de todos os axentes a respectar a lingua de Galicia:

"Non obstante, como responsable da Garda Civil na provincia da Pontevedra é o meu deber desculpame polo sucedido, xa que Vostede ten o dereito de usa-la lingua oficial desta Comunidade Autónoma e os axentes teñen a obriga de realiza-las xestións necesarias para poder atendelo.", sinala o tenente coronel na súa resposta.

### **O caso non terá consecuencias para os axentes.**

Porén, malia se recoñecer a discriminación e vulneración de dereitos do cidadán, o caso non terá ningún tipo de consecuencia para os axentes implicados.

Segundo o presidente da Mesa, Marcos Maceira, malia ser positivo que a garda civil pida desculpas e recoñeza formalmente os dereitos dos galegos a usarmos o noso idioma, non é de recibo que este tipo de discriminacións fiquen impunes

"Agredir dereitos fundamentais da cidadanía non debería saír de balde, e menos se a agresión provén das forzas de seguridade" sinalou o presidente da entidade en defensa da lingua. "O

## **A Garda Civil descúlpase por non atender denuncia dun veciño de Gondomar “por falar en galego”.**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 10 Setembro 2015 20:54

---

Estado debe tomar medidas a comezar por deixar de amparar o descoñecemento da lingua propia, que como se comproba en casos coma este, só serve para vulnerar dereitos fundamentais da cidadanía".

Da Mesa pola Normalización sinalan que dar a coñecer casos coma este é fundamental para modificar a situación malia que son centos os que permanecen ocultos ante a presión que exerce a soposta autoridade do uniforme. A entidade en defensa do galego lembra á cidadanía que todas as vulneracións de dereitos lingüísticos poden ser denunciadas a través da Liña do galego, servizo ofrecido pola Mesa, co que se pode contactar a través do 902 10 64 74, do 981 56 38 85 ou do enderezo electrónico [linhadogalego@amesa.gal](mailto:linhadogalego@amesa.gal)